

Poemas



Ramiro Fonte

G 869. 14

70W

UNIVERSITAT DE LES ILLES BALEARS



5106351975

Col·lecció Poesia de Paper

43

Poemas

Ramiro Fonte

Palma 1996

© del text: l'autor, 1996

© de l'edició: Caixa de Balears, «Sa Nostra», i Universitat de les Illes Balears, 1996


Directors de la col·lecció: Francisco J. Díaz de Castro, Perfecto Cuadrado i Albert Ribas

Disseny: Jaume Falconer

Edició: Universitat de les Illes Balears. Servei de Publicacions i Intercanvi Científic. Campus universitari. Cra. de Valldemossa, km 7.5. 07071 Palma

Impressió: Taller Gràfic Ramon. Carrer de Jaume Balmes, 39 i 43. 07004 Palma

DL: PM/ 478-1996



Ramiro Fonte (Pontedeume, A Coruña, 1957) es poeta, narrador y ensayista en lengua gallega. Como poeta ha publicado *As cidades da nada* (1983), *Designium* (1984), *Pensar na tempestade* (1986), *Pasa un segredo* (1988), *Adeus Norte* (1991), *Escolma poética* (1991), *Luz do mediodía* (1995) y *Persoas de amor* (1995). Su obra poética ha sido distinguida con los premios "Crítica de Galicia", "Esquíu" y "Asociación de la crítica española". En narrativa es autor de *Catro novelas sentimentais* (1988), *As regras do xogo* (1990), *Aves de paso* (1990) y *Os leopardos da lúa* (1993). Como crítico y ensayista ha

abordado, entre otras, las obras de autores gallegos como Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro o Luís Pimentel, y ha publicado una colección de ensayos *As bandeiras do corsario. Sobre poesía e poetas* (1995) en la que reflexiona sobre una serie de poetas ya clásicos del siglo XX. Su poesía está presente en numerosas antologías, tanto de poetas gallegos como peninsulares, y ha estado presente en los debates poéticos de finales de los ochenta y principios de los noventa, en un diálogo colateral pero intenso con lo que se ha dado en llamar "poesía de la experiencia", recogidos, entre otros, en el volumen *El lugar de la poesía* (1994) y, con sus poemas, artículos o versiones, en diversas revistas literarias de la península o de fuera de ella. Tiene traducido al castellano los libros *Pasa un secreto* (Ediciones Libertarias, 1991) y *Adeus Norte* (Renacimiento, 1992). En catalán es uno de los poetas seleccionados en *Sis poetes gallecs* (Columna, 1990).

FLOR DE SUBURBIO

Doce flor de suburbio

Medraches nos meus días
Evaflor, Evarrosa,
Coma a herbaluísa, as xestas, o fiuncho
Que seguían cubrindo os grandes descampados,
O inmenso territorio que ocupaba as distancias,
Que xa esquecera os nomes das parroquias,
E, máis ó lonxe, as brancas
Paredes abandonadas
Dun cemiterio marítimo,
Para así recordarlle ó rostro desatento da cidade
Que a vida permanece nas marxes, nas aforas.

Vixiaban, de lonxe, as sombras do estaleiro,
A estrutura de ferro da nave inacabada
Que os meses erixían para un mar cobizoso,
Medindo en nós o paso secreto doutros meses,

E tiña a factoría buguinas para a tarde,
Que traían con elas eses pais silenciosos:
Un fatigado río madrugador de albas.

Doce flor de suburbio, ameite, aínda te amo
Sen saber o teu nome de Evaflor, de Evarrosa.
Noiva miña entre as flores invencibles do inverno,
Xa non podo esquecer o que nunca che dixer

Cando te traizoaba
Por outras flores puras, vaídasas
Que adobiaban as tardes daqueles parques céntricos
Con indianos de bronce, e magnolios xerárquicos,
Rapazas de uniforme de colexio
De monxas, e os meus versos.

De Luz do mediodía

DESDE UNHA FIESTRA

-Salzburgo-

Parecía un xardín cuberto polas luces

Débiles do solpor.
Subían os cipreses ata a fiestra do cuarto,
Un arrecendo a mansa primavera
Procedente de alí ateigaba a penumbra,
E deixaban, furiosos, os paxaros no aire
Os seus chíos; escritos nun instante os seus rumbos.

O viaxeiro viña de moi lonxe,
Dunha lenta cidade reflexada nun lago,
Que escondía os seus ouros e a cobiza.
Pasara as cordilleiras, aínda brancas no ceo,
Sentira esa paixón dos xerárquicos cumes
Que enganara a outros homes bretemosos, románticos.

O viaxeiro estaba perdido nos países,
Extraviara o rostro na choiva das cidades,
Os seus pasos soaran en rúas moi profundas
Sen levalo con eles,
E os puntos cardinais de tanta Europa,
Máis o desarraigaban.

Desde estacións difusas vira partir convois
Cara ás albas do norte,

E outros trens repousaban, como en fráxiles portos
Moribundos cetáceos de ferro,
Despois de atravesaren, perturbados, as chairas infinitas.

E por iso sentiuse satisfeito no cuarto,
Mariñeiro terrestre, atopouse consigo;
Deu en pensar na casa, e na muller distante,
E logo descansou
Nesas penumbras quietas. Puido fechar os ollos.

Cando abriu a ventá, entre as sombras azuis
Da noiteña enxergouno:
Aquelas eran cruces coma pregrarias mortas,
E sartegos escuros aboiaban na herba.

Entretén o maxín
Coas grávidas e tristes badaladas:
Improvisado réquiem de benvida
Que agasalla a cidade dos bispos e do músico,
Desde altos, rosados, campanarios do aire,
Permitindo que sexan
As dez da primavera nesta hora sen mundo.

Non sabe por que pensa o viaxeiro,
Ollando o camposanto de xardín
Desde a fiestra do cuarto,
No enfermeiro Georg Trakl,
Poeta da cidade que se matou na guerra,
Nas terras de Galitzia,

Despois de ver aqueles inmensos cimiterios
Onde os ollos de tódalas estirpes apagaban as luces.

De *Luz do mediodía*

ESTRELA MORTA

Sei que non foi amor e, sen embargo, abriches

Amarga flor carnívora de noites os meus labios,
Deixándome beberte na túa sede escura,
Facéndome afogar no teu mar dos enganos.

O prestixio da estrela máis fermosa e maldita
Acendías no ceo ruín das madrugadas,
Nos calendarios grises nos que se abeira o inverno,
E era doce buscarte polas rúas estrañas.

Sei que non foi amor o que ti me ofrecías,
Pero amaba o perigo das estrelas na noite,
Que brillan nun instante e caen case sempre
No baleiro, na nada, nas distancias, nos lonxes.

Eu xoguei o que tiña para poder amarte,
A bandeira romántica; na brétema os meus pasos,
Sabendo que perdía meu corazón por terte,
E alleo vagaría, sen goberno nos anos.

Pisei a clandestina xeadá desas horas
Nas que morre o desexo. Pero entón xa levaba
A mancha dos teus bicos impregnando os meus beizos,
E cría que eran certas as palabras douradas.

Franqueárasme a porta do teu longo desvelo,
Desa paixón sen nomes, precipitada, cega,
Abismos do teu corpo sobre min derrubaras,
E unha torre danada nas miñas horas lentas.

Caeron as camelias, no chan, apodrecidas,
Marcharon, invisibles, murchas flores no aire:
Veu un vento de marzo para queimarnos xoves
Coas causas inocentes, cos ollos lostregueantes.

Pasou a vida longa, como pasan os ríos.
As princesas do mal extinguíronse todas:
A cidade borrounas do libro da lembranza,
O teu nome está escrito naquelas follas mortas.

Pero canto daría outra vez por mentirme,
Cantos dos meus infernos baixaría a buscarte,
Cantas albas desperto -ameazada lúa-
E que extensión de sombras e de luceiros fráxiles

Pasaría por verte, outra vez, e mirarte.
Coller estrelas mortas na nosa man non doe,
Se aquelas non feriran coa súa luz tantas noites.

De Luz do mediodía

A SOMBRA DA CULPA

Se ter ollado a un tempo a mesma lúa,
Ou se erixir na noite, no centro dalgún verso,
A mesma torre soa
Que, ó deborcar no frío os seus silencios cóncavos,
Marcaba os seus dominios
Na tristeza do aire, que era a nosa tristeza;

Se traizoar un soño compartido,
Antes de que alguén veña a roubárnolo,
Antes de que nós mesmos lle poñamos un prezo,
Dese dereito a algo,
A botarnos na cara os pactos que rompemos,
Como quen pon enriba dunha mesa
Pecados de familia,
Desculpas, disidencias
Marcadas por escuros corazóns,

Como quen lle recorda
A un amigo perdido aquela noite
Que atravesaron xuntos,
Ollando a mesma lúa pensativa,
Tratando de erixir no centro dalgún verso,
Como única resposta comprensible,
A torre solitaria,
Que hoxe deita a súa sombra
De pedra muda, fría

Sobre as nosas palabras,
E divide esas rotas
Marcadas por escuros corazóns.

Del libro inédito *Capitán Inverno*

FLORES DO INVERNO

Flores do inverno, puras

Coma as camelias brancas, existentes
Porque a luz da mañá non as desfolla,
E viven tremedoiras, inútiles no aire;

Flores do inverno sen destinatario,
Estragadas coma camelias murchas
Entre os papeis do chan, cunha color
Que puido ser vermella e non ten nome;

Abonda unha raiola de sol para que abrollen.
Non fai falla sequera
A metade das horas que se apagan na noite
Para vencer dun xeito irrevocable
A leve fermosura,
A secreta verdade,
Un destino de sombras.

Flores sen arrecendo,
Porque a nada arrecende
A xeada,
Esa color mollada coa que choiva
Pinta nos calendarios,
Nin o mesmo poema que escribimos,
E que non vai reter
A color de ouro vello desa flor,

Nin as bágoas do frío
Que lle puxo a mañá sobre a brancura:

Para ser coma elas
Non debe perdurar máis que un instante.

Del libro inédito *Capitán Inverno*

TESOUROS

Esa aldea paciente que non quere extinguirse

Entre as rúas do centro,
E que non fai ruído para que ninguén saiba,
É un deses tesouros
Que a cidade escondeu.

Está formada

Por medio cento de casas encaladas,
Con portais en penumbra, aínda recedentes
Ás vidas que xogaron os seus homes
Quizais ferroviarios que aproximaban terras,
Mariñeiros quizais de fríos mares.

Pode levar a ela
Un sorpresivo túnel que atravesa a avenida
Como se fose un río,
Un escuro afluente que se escapou dun soño,
Pois nunca sospeitamos o seu eco de sombras
Debaixo do ecoar dos nosos pasos,

E unha ponte que salva
A canle fugaz das autoestradas,
E deixa comprender
Que eses vagóns de trens
Ollados desde enriba teñen algo
De naves fatigadas,
E seguen aireando polas fiestras
Mortas voces de antigas despedidas.

Preto dela, un xardín
No que aínda sobrancea
A árbore traída de ultramar
Evócanos algún arruínado
Apelido industrial dos vellos tempos.

Cazadores corsarios, navegamos as horas
Para chegar a vela,
E ela, ó cabo, recíbenos
Con esa claridade afectuosa
Que conservan as rúas apartadas
E os lugares certos para o amor.

Cunha pouca de sorte
-Se sabemos pedirlo-
A cidade concédenos o dereito de paso
Cara ó suburbios íntimos,
Onde ela non atende polo seu nome, e cala,
Porque sente vergoña da súa propia inocencia.

Del libro inédito *Capitán Inverno*

A MAN DO TEMPO

Fixo ben o traballo a man do tempo

Nas portas destes vellos almacéns.

Coma un pintor abstracto
Que mollase os pinceis
Nos ventos chovizosos, no salobre
Luar de medianoite,
Na brétema que fai durmir as cousas,
Estragou a pintura, moi a modo
Carcomeu a madeira,
Ennegreceu matices,
Para así agasallar
Ós homes que percorren as ribeiras
Este fermoso cadro, sorprendente,
Na porta condenada dun baleiro
Almacén portuario.

Dentro estará gardada
A escuridade grande que habita nos cinemas,
Nas desafiuzadas factorías,
Nos inmensos talleres dos estaleiros tristes,
A mesma negra luz do que xa vai perdido.

Pero é fermoso o azar desta pintura,
Devén alegoría proposta polo tempo.

Fóra hai cordames,
Arrincados da noite
Grandes pneumáticos coma planetas negros,
Apodrecidas redes, e botellas ciscadas,
Que son pezas que moven os naufraxios.

Xamais posuíremos
Esa caricia sabia, poderosa,
Case cruel
Como só pode selo a fermosura,
Para pintar a imaxe dun recordo,
Ou dun rostro que amamos,
Destes ollos que miran esa porta.

Del libro inédito *Capitán Inverno*

UN INÉDITO DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Nunca nos meus versos

Mencionei esta casa
Que amosa, con prudencia, entre edificios
Proxectados en anos de progreso,
O seu agrario rostro,

Nin tampouco esa árbore
Chantada mesmo diante da súa porta
Como unha bandeira perdedora
Que a penas move o vento.

Seino ben. Nunca nos meus versos
Mencionei, anque só fose de paso,
O limoeiro aquel
Que segue dando froitos nun recanto
Da rúa principal, entre oficinas, rancias
Consignatarias, tendas ó por maior de lenzos
E unha ortopedia...

Vexo

Se me asomo á ventá da miña casa
O milagre da horta, desterrada
Dese país rural que imaxinei;
Xúlgoa coa tristeza de quen ve
Un buque embarrancado
No medio dun deserto.

É como se viñese á miña boca
O redondo amargor
Que esconde a dura codia dos seus froitos,

É como se buscase
No murmurio do vento entre as súas follas
A forma dun instante pasaxeiro.

Quizais un día alguén
Repare o meu esquezo,
E deixe florecer no seu poema
O limoeiro estraño a esta paisaxe,
Como son tantas veces as palabras
Alleas á paisaxe do seu tempo.

Del libro inédito *Capitán Inverno*

Ó LECTOR

Deberíamos chegar a un bon acordo,

Resabido lector de fin de século:

Eu escribo este tango para ti,

Outro cantar non hai para estes tempos.

Imaxino o teu rostro, algo indecente,

Nas augas encoradas nun espello,

E anque nunca cheguemos a atoparnos,

Xa sei que te asemellas a min mesmo.

Xa sei que amas actrices da pantalla,

Que sabes de memoria moitos versos,

E exploras, solitario, a túa cidade,

Sen deixares de ser un viaxeiro.

Ti que es vulnerable, susceptible,

Eu que son pensativo, un pouco escéptico,

Fago por ti cancións sentimentais,

Aprendo nos saberes de Discépolo:

Desa lúa de chambo que mestura,

Confonde o rostro triste dos obxectos

(Gramolas, uniformes militares,

Lámpadas, e moedas, libros vellos)

E a vida, as flores puras cos ramallos,
O ben co mal, as voces cos seus ecos,
Nese aire de soto, algo viciado,
Onde a vida se salda por fragmentos.

Cóntoche algunha historia que vivín,
E imaxino outras máis por non morrermos
De fastío e de tedio nestes meses
Que prolongan de máis un longo inverno.

Os dous temos pasado, a fin de contas,
Algunha mala xeira nos infernos:
Se morremos no corazón de Eurídice
Foi por vivir no corazón de Orfeo.

Os dous somos quizais sobreviventes,
E despois de vencer desasosegos,
E de queimar as naves, unha a unha,
Para unha boa causa temos tempo.

Puxémonos da parte deses soños,
Contamos as batallas que perdemos,
Semellamos os últimos románticos,
Cada vez, entre tantos, somos menos.

Incluso parecemos resistentes
Vivindo nun país hostil, alleo,
Paseremos á historia por facermos
Máis longa a travesía dun deserto.

Deberíamos chegar a algún acordo.
Sobre a cuestión dos nosos sentimentos
-Aqueles que enfriaron ou mirraron-
Ter algún compromiso duradeiro,

Non vaia ser que xa non coñezamos
O rostro que nos mira desde o espello.

del libro inédito *O cazador de libros*.

O CAZADOR DE LIBROS

El que foi anarquista, agora caza

Libros e documentos polas tendas
Escuras, entra en casas de eruditos
Nas que dormen as mortas bibliotecas.

Cítase con prelados, con viúvas
Ou con vellos mariños ilustrados,
E así vai fornecéndose de todo
Tipo de follas, letras, cartapacios.

Na cidade moderna vive o tempo
Das antigas cidades, non aquela
En ningún sitio. Só se sente a gusto
Entre o pó dos volumes nas coveiras.

Non sei se vendería a súa alma
A cambio dunha peza ó mesmo demo,
Mais por un incunable petaría
Sen dubidalo ás portas dos infernos.

Corsario entre os corsarios, bon pirata,
Obedece soamente á rebeldía,
Sabe beber cos grandes solitarios,
Pode apostar, de fronte, a súa vida.

Sabe partir a tempo das derrotas.
Se lle xoga o tafur carta marcada,
Rómpelle enteiro todo o naipe falso
Só con cravarlle o lume da súa ollada.

Irreal, delirante, pensativa
Foi a súa mocidade coma a nosa,
E non caeu, anque queimou as flores,
E aínda xura por unha causa boa.

Vive á marxe dos sabios impostores
Deste vello país de sombra e sono,
Mais non esquece o nome de esquecidos
Que nos libros queimaron os seus ollos.

Evocador dos trágicos románticos,
De Añón, de Aurelio Aguirre, de Vesteiro,
Con voz oracular conta os relatos,
E caen as horas sen que pase o tempo:

Foron os precursores deste oficio
Aínda solitario, desta pena:
Morreron xoves ou morreron lonxe
Por levaren na fronte aquela estrela.

Non hai libro que escape á súa memoria,
E xa tivo unha vez da Enciclopedia
Francesa os grandes tomos nas súas mans,
E isto xa forma parte da súa lenda.

No noso reino occidental, atlántico
Ninguén sabe de libros coma el;
El é o mellor heroe, ten un pouco
De Sarmiento e outro pouco de Voltaire.

Son certamente malos estes tempos
Para unha persoa coma el,
Vellos cristiáns que xa queimaron libros
Poden queimar herexes outra vez.


Pero tanto lle tén. Segue buscando
Autores sepultados polos séculos,
Opúsculos, sermóns, vellos relatos
Que vertan luz nas sombras deste tempo.

Seica xa leu a páxina onde estaba
Precisada moi ben a propia morte.
Enganoume con libro semellante
Para afastar de si a mala sorte.

del libro inédito *O cazador de libros*.

L'autor ha llegit aquests poemes al Centre de Cultura Sa Nostra

el dia 27 de maig de 1996



26. JOSEP MARÍ. *Poemes*
27. FRANCISCO J. DÍAZ DE CASTRO. *Noches de hotel*
28. MIQUEL CARDELL. *Les terrasses d'Avalon*
29. FELIPE BENÍTEZ REYES. *Poemas*
30. BARTOMEU FIOL. *Canalla contra establishment*
31. MARIÀ VILLANGÓMEZ. *Entre la mar i el vent*
32. CÉSAR ANTONIO DE MOLINA. *Poemas*
33. LUIS ALBERTO DE CUENCA. *Poemas*
34. M. LÓPEZ CRESPI. *L'obscura ànsia del cor*
35. SEBASTIÀ ALZAMORA. *Formes del cercle*
36. ÁNGEL CAMPOS PÁMPANO. *Poemas*
37. LUIS MUÑOZ. *Poemas*
38. JUAN BARJA. *Las noches y los días*
39. ANTONIO GAMONEDA. *Poemas*
40. ÁLVARO SALVADOR. *Diez de últimas*
41. ÀNGEL TERRON. *Al·lotropies*
42. JAVIER JOVER. *Urano en la casa doce*



Universitat de les
Illes Balears

"SA
NOS
TRA"

Obra Social
i Cultural

0869-14 FON